Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
VENRES, 5 DE XULLO DE 2019 | VIERNES, 5 DE JULIO DE 2019 | BOP NÚMERO 126

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes

R.P. 22917/2019: Convocatoria para a solicitude do uso do pavillón polideportivo do IES Calvo Sotelo durante a tempada 2019-2020

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA PARA A SOLICITUDE DO USO DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DO IES CALVO SOTELO DURANTE A TEMPADA 2019-2020

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Vistos os informes da Secretaria Xeral e dos Servizos de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a convocatoria para a solicitude do uso do pavillón polideportivo do IES CALVO SOTELO durante a tempada 2019-2020 (01.09.2020 – 30.06.2020), que se transcribe deseguido

1.- Obxecto.

O obxecto desta convocatoria é establecer as normas para a solicitude, concesión e pagamento do uso do pavillón polideportivo do IES Calvo Sotelo, en virtude do disposto no artigo 9 do Regulamento de uso e funcionamento do pavillón polideportivo "Calvo Sotelo".

As actividades que poderán ser desenvolvidas no pavillón, serán todas aquelas que sexan acordes coa súa natureza deportiva e resulten compatibles cos seus espazos físicos.

Tamén poderán ser autorizadas actividades de índole deportiva ou cultural de entidades, colectivos ou persoas físicas externas á Deputación, logo da autorización previa da Deputación Provincial.

2.- Entidades solicitantes.

Poderán ser solicitantes as persoas, clubs, federacións, entidades, etc., que desexen utilizar de forma regular algún dos espazos do pavillón.

3.- Obrigas das entidades solicitantes.

As entidades solicitantes do uso do pavillón están suxeitas ao cumprimento das normas do Regulamento de uso e funcionamento do pavillón polideportivo "Calvo Sotelo".

As entidades solicitantes estarán obrigadas ao pago dos prezos públicos fixados na Ordenanza núm., 13, reguladora do prezo público pola utilización da pista polideportiva Calvo Sotelo, publicada no BOP núm. 106 do 6.06.2019).

As entidades solicitantes, para ter dereito á concesión do uso do pavillón, deberán estar ao corrente do pago das débedas coa Deputación Provincial da Coruña, polo que autorizarán a esta Deputación para a súa comprobación de oficio.

4.- Prazo e presentación de solicitudes.

As solicitudes se presentarán no Rexistro Xeral da Deputación Provincial da Coruña desde o día seguinte ao da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña ata o 31 de xullo de 2019, no modelo de solicitude anexo a esta convocatoria.

A solicitude deberá ir acompañada do modelo de domiciliación do prezo público, debidamente cuberto que se achega xunto a solicitude a presentar.

Para os efectos da tempada o pavillón permanecerá pechado, os sábados, domingos e festivos (nacionais, autonómicos da Comunidade Autónoma de Galicia e locais do municipio da Coruña), así como do 24 de decembro ata o 6 de xaneiro, ambos inclusive.

O horario do uso do pavillón é de luns a venres (ambos inclusive) de 19.00h. a 23.00h.

Número de anuncio 2019/5427

5.- Concesión.

A Deputación Provincial da Coruña, mediante Resolución da Presidencia disporá a concesión do uso do pavillón, en función da súa disponibilidade, na orde de prioridade que figure na solicitude, agás en caso de coincidencia de horarios, que de non ter conseguido o consenso coas entidades solicitantes, se resolverá dando preferencia á orde de presentación da solicitude.

Os horarios e días reservados para unha entidade/asociación son intransferibles, polo que non poderá cederse a outro equipo nin compartirse con outro club/usuario.

6.- Pagamento.

Unha vez concedida a autorización para a tempada anual, as entidades usuarias do pavillón aboarán o prezo público nos termos establecidos na Ordenanza núm. 13 da Deputación reguladora do prezo público pola utilización do pavillón polideportivo "Calvo Sotelo".

A non utilización da instalación reservada por causa imputable á persoa/entidade interesada, non exime do pago do prezo establecido.

7.- Protección de datos.

Os datos subministrados teñen a finalidade de poder tramitar esta convocatoria e están protexidos pola Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial da Coruña. A lexitimación para o tratamento dos datos persoais contidos nesta solicitude é o consentimento que o asinante outorga á Deputación Provincial coa súa firma. No caso de que sexa denegado o consentimento para o tratamento dos datos persoais, non poderá presentarse a esta convocatoria por imposibilidade de tramitación da solicitude. O destinatario dos datos é a Deputación Provincial que non cederá datos a terceiros, salvo obriga legal. As persoas que participen na convocatoria teñen os dereitos a acceder, rectificar ou suprimir datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Estes dereitos poderán exercerse perante as oficinas centrais da Deputación sitas na Av. Porto da Coruña, 2, 15003 A Coruña ou ben a través de medios electrónicos, dirixindo un correo ao enderezo delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal. Pode consultar a política de privacidade da Deputación na dirección //www.dacoruna.gal/avisos/politica-privacidade.

Disposición final.

Os/as participantes aceptan en todos os seus termos a presente convocatoria e a resolución correspondente, sen prexuízo da presentación dos recursos pertinentes.

Segundo.- Dispor a publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

A Coruña, 2 de xullo de 2019.

O Presidente, Valentín González Formoso

O Secretario Xeral, José Luis Almau Supervía

2019/5427

Número de anuncio 2019/5427